

PROGRAMA DE RESIDENCIAS DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL

Situación: Centro Xove de Creación Cultural. Rúa Proxecto Vagalume, 2

Dotación: Sala principal do Centro Xove de Creación Cultural

Comezo do servizo: curso 2022

Teléfono: 981 542 457 // 981 542 458

Correo electrónico: dptoxuventude@santiagodecompostela.gal

Páxina web: www.centroxove.com

BASES DE FUNCIONAMENTO

I. Obxecto

Estas bases teñen como obxecto ofertar un espazo para dar cabida a novos creadores no que poidan crear e dar forma a proxectos no ámbito das artes (teatro, danza, música, etc) a través dun sistema de residencias temporais nas que se acollan iniciativas de creadores mozos.

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela pon a disposición dos mozos e mozas da cidade un espazo do equipamento municipal situado na Rúa Proxecto Vagalume, 2, O Centro Xove de Creación Cultural, cos obxectivos de:

- Dinamizar e fomentar a creación cultural nas persoas mozas.
- Contribuír ao establecemento de redes participativas, colaborativas e creativas.
- Ofrecer ás persoas creadoras un espazo acolledor e multidisciplinar no que realizar as súas actividades, ensaios, etc.
- Compartir experiencias con artistas residentes nos locais municipais de ensaio, e na xeneralidade do Centro Xove de Creación Cultural.

II. Descrición do espazo

Sala principal do Centro Xove de Creación cultural de aproximadamente 200 m. Espazo multiusos coas seguintes características:

- Escenario con pano motorizado e caixa negra.
- Equipo de son e iluminación propios.
- Sistema de climatización.
- Capacidade máxima de 250 persoas.
- Sala de control independente.
- Acceso e servizos para persoas con mobilidade reducida.

III. Horarios e tempos de uso do espazo

O horario destinado ás residencias é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAÑÁ	10,00-14,00 h.	10,00-14,00 h.	10,00-14,00 h.	10,00-14,00 h.	10,00-14,00 h.

As residencias terán unha duración máxima dun mes.

A cantidade de horas de cada residencia será unha duración mínima de catro horas semanais, e un máximo de vinte.

IV. Presentación de solicitudes

Poderán presentar solicitudes para realizar unha residencia no Centro Xove de Creación Cultural, aqueles mozos e mozas empadroados, residentes ou estudantes no Concello de Santiago de Compostela, así como entidades ou colectivos mozos, que precisen dun espazo para realizar as súas creacións artísticas.

As solicitudes faranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Xuventude ou na sede electrónica do Concello, e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4 ou a través da sede electrónica do concello (sede.santiagodecompostela.gal).

A solicitude deberá ir acompañada da fotocopia do DNI da persoa solicitante e dun dossier explicativo do proxecto para o que se solicita o uso do espazo.

Cada proposta de residencia deberá presentar un rider técnico propio, desagregando as súas necesidades técnicas polo miúdo, seguindo as indicacións do equipo do Centro Xove.

V. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso

(a) Os solicitantes da residencia poderán ser:

- Persoas individuais con idades comprendidas entre 14 e 35 anos.
- Persoas individuais sempre que as persoas destinatarias das súas actividades sexan mozos ou mozas entre 14 e 35 anos.
- Asociacións xuvenís ou entidades prestadoras de servizos á mocidade.
- Grupos de mozos e mozas de entre 14 e 35 anos

(b) A autorización para o uso das instalacións comunicáraselle á persoa solicitante, nesa comunicación detallarase os días e horas nas que se autoriza o uso do espazo.

(c) O dereito ao uso da sala terá unha vixencia máxima dun mes.

- As solicitudes presentadas por menores de idade deberán contar coa correspondente autorización parental. Asemade os membros menores de idade participantes das posibles iniciativas tamén deberán achegar a autorización parental.

(d) Tipoloxía da residencia:

- A programación dunha actividade de mediación coa comunidade local (obradoiro, charla ou calquera outra proposta orixinal) que poña en relación o proxecto coa mocidade de Santiago de Compostela.
- O ensaio ou preparación dun evento, proxecto, obra ou actuación.

- A colaboración cun proxecto interno, proposto de forma específica polo equipo do Centro Xove de Creación Cultural, vencellado á súa proposta de residencia e/ou ás características artísticas do seu proxecto.

VI. Procedemento para o acceso ás instalacións

(a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante debidamente identificado co seu DNI orixinal deberá dirixirse ao persoal do Centro Xove de Creación Cultural, que facilitará o acceso ao local asignado, e rexistrará a súa entrada e saída nun parte de asistencia. A non presentación deste documento (DNI) impedirá o acceso ao local. O persoal encargado de controlar o acceso, poderá solicitar a identificación de todos os integrantes (de ser o caso) do colectivo ao que se lle cede o espazo, a través do seu DNI, e denegar a entrada a aquelas persoas que non estean en posesión do mesmo.

A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de técnicos do centro co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións e a correspondente presentación do responsable ao persoal.

(a) Antes do inicio de cada sesión de traballo comprobarase o estado do local e do material, acompañado do persoal do centro, que tamén o revisará á saída.

(b) O equipamento poderá permanecer fóra de servizo temporalmente por motivo de reparacións ou por outras causas xustificadas.

VII. Obrigas dos usuarios.

O/a solicitante deberá observar as seguintes instrucións de uso:

(a) Acudir ao espazo o día e hora na que se lle autorizou:

- Respectar os horarios asignados: non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada. No caso de que se dea unha ausencia puntual, será obriga do solicitante informar desas ao equipo do Centro Xove de Creación Cultural polas canles previstas. No caso de dúas ausencias non comunicadas nin xustificadas, anularase a autorización de uso do espazo.
- Os solicitantes teñen a obriga de facilitar ao persoal do Centro Xove de Creación Cultural a inspección das instalacións en calquera momento. Ademais, deberán informar de calquera desperfecto ou incidencia identificada antes de abandonar as instalacións, especialmente daquelas causadas durante o seu uso.
- Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización do equipo do Centro Xove de Creación Cultural.

(b) Boas prácticas no uso das instalacións e do material:

- Cada solicitante é responsable da limpeza básica e da orde da instalación que se lle autoriza a usar, debendo deixar o espazo nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. O incumprimento desta condición será causa para a revogación da autorización de uso. Tomaranse as medidas que se consideren oportunas en función da gravidade da conduta observada, podendo chegar á perda do dereito ao uso temporal ou definitivamente.

- Cada solicitante asume a responsabilidade de comunicarlle ao persoal; todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, entre outros servizos para o que se facilitará un parte de incidencias.
- Os usuarios do espazo responderán dos danos causados aos locais e ao seu equipamento no que exceda da deterioración ordinaria polo seu uso normal.

(c) **Limpeza básica das instalacións:**

- Debendo deixar os local nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
- Non se permite fumar, consumo de bebidas ou comer nos espazos obxecto de uso.

(d) Facilitar ao Departamento de Xuventude ou ao equipo do Centro Xove de Creación Cultural toda aquela información sobre o traballo para o que se autoriza o uso do espazo e calquera outro dato de interese. Esta información poderá ser utilizada na difusión deste equipamento municipal.

(e) O Departamento de Xuventude poderá requirir ao solicitante unha intervención (actuación, actividade formativa, exposición, etc), co obxecto de promover o equipamento, dentro do propio Centro Xove de Creación Cultural ou en espazos habilitados da cidade.

(f) O Departamento de Xuventude xunto co Centro Xove de Creación Cultural levará a cabo unha avaliación do proceso e dos resultados das residencias concedidas, coa finalidade de mellorar o servizo e prestar soporte en aquelas necesidades que se presenten.

VIII. Incumprimentos

O Departamento de Xuventude valorará a perda do dereito ao uso das instalacións, de forma temporal ou definitiva, en función do incumprimento das instrucións dos usuarios respecto do uso das instalacións, sen prexuízo da responsabilidade que puidera haber.

IX. Criterios de Autorización de Uso do Espazo

- A autorización de uso dos espazos será para a realización de todas aquelas iniciativas que, segundo o criterio da Concellaría de Mocidade, teñan que ver con actividades sociais, culturais, formativas, de lecer e participación cidadá para o colectivo mozo.
- A autorización de uso do espazo atenderá a criterios de representatividade, interese ou utilidade pública e recursos propios, coa limitación que impoña a coincidencia no uso de espazos a solicitude de varias persoas ou do propio Concello.
- Non se autorizará a reserva de espazos a quen fomente iniciativas que vaian en contra da convivencia e cuxo único fin sexa o lucro persoal e/ou o beneficio individual.

- A autorización de uso do espazo terá con carácter gratuíto, así mesmo as actividades que vaia realizar a entidade ou persoa peticionaria non poden ter ningún carácter lucrativo e quedará excluída a realización de calquera actividade de carácter comercial.
- A reserva farase co compromiso por parte da persoa solicitante de acatar as normas que aparecen recollidas neste documento e nas bases de funcionamento do Centro xove de Creación Cultural, e indicadas segundo o caso polo propio persoal do Centro Xove de Creación Cultural.
- O Acceso ás residencias respectará a orde de solicitude das persoas peticionarias.
- A autorización de uso do espazo da residencia quedará supeditada a actos organizados ou autorizados pola Concellaría, e non dará lugar a reclamacións cando haxa que suspenderse ou variarse o horario de reserva anteriormente autorizado.

X. Extinción das autorizacións de uso

As autorizacións de uso extinguirase polas seguintes causas:

- a) Caducidade polo transcurso do seu prazo de vixencia.
- b) Renuncia do beneficiario.
- c) Mutuo acordo entre o beneficiario e o concello.
- d) Revogación polo concello, por razóns de interese público, cando resultase incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, se producisen danos nos bens, se impida a súa utilización para actividades que o concello xulgue de maior interese público ou se menoscabe o uso xeral.
- e) Falecemento, disolución ou extinción da sociedade.
- f) Ocupación dun espazo diferente ao autorizado.
- g) Incumprimento das condicións impostas no seu outorgamento.